

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto que en data 27 de agosto de 2024 incóase procedemento de concesión de subvencións outorgadas ás entidades en réxime de concorrencia, en concreto a convocatoria das subvencións municipais para as asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura e formación no Concello de Meis.

Consta incorporado ao expediente documento contable de retención de crédito número 4755 na aplicación orzamentaria 2024/334/48003 polo importe de 14.000,00 euros, polo concepto “Subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura e formación no Concello de Meis”.

Visto que mediante Resolución da Alcaldía número 2024-0482, de 28 de agosto de 2024, apróbase a convocatoria e as bases específicas das subvencións, por procedemento de concorrencia competitiva, para as asociacións e entidades que desenvolvan accións no eido da cultura e formación no Concello de Meis para o ano 2024.

Con data 29 de agosto de 2024 procédese a rexistrar as bases e a convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a de a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, para a posterior publicación dun extracto de convocatoria no Boletín Oficial da provincia de Pontevedra número 171, de data 3 de setembro de 2024.

Visto que mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 31.10.2024, resolveuse conceder subvencións municipais ás asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolven accións no eido da cultura e formación no Concello de Meis para o ano 2024 con cargo á aplicación orzamentaria 2024/334/48003, tendo en conta ás solicitudes presentadas dentro do prazo establecido que contaban coa documentación esixida nas bases da convocatoria.

Visto que a normativa reguladora das subvencións públicas establece que o pago da subvención realizarase previa xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención, de tal forma que se producirá a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Visto o informe de reparo emitido pola Secretaría-Intervención municipal adxunta número 2024-0028, de data 18 de decembro de 2024, sobre a conta xustificativa achegada polos distintos beneficiarios da subvención, no que se conclúe que:

“(…) Examinado o expediente pódese concluír que a documentación achegada polos seguintes beneficiarios da subvención, en termos xerais e coas apreciación recollidas no presente informe, reúne as condicións esixidas pola normativa reguladora, procedendo o recoñecemento da obrigaición e pago da subvención:

C.I.F.	ENTIDADES	IMPORTE €
G72934128	Asoc. Cultural Mulleres Rurais A Palleira	1.233,10
G36343184	Asoc. Banda Escuela de Música Cultural de Meis	3.881,02



G36167187	Asoc. Mulleres Rurais de Nogueira	1.038,40
G94180668	ANPA Rabuñoso CRA de Meis	687,94

De igual modo, examinado o expediente, tendo en conta as consideracións recollidas no presente informe, pódese concluír que a documentación achegada polo seguintes beneficiarios da subvención na conta xustificativa non reúne todas as condicións esixidas pola normativa polo que se emite REPARO SUSPENSIVO ao recoñecemento da obriga e proposta de pago da subvención polo importe inicialmente acordado pola Xunta de Goberno Local, en aplicación do disposto nos artigos 216.2 c) do TRLRFL -omisión no expediente de requisitos ou trámites esenciais – e 12.3 b) do RCI -non se acredita suficientemente o dereito do seu perceptor-:

C.I.F.	ENTIDADES	IMPORTE €
G36288355	Asoc. Cultural Polifónica Xuntanza de Meis	1.317,47
G36498962	Asoc. Sociocultural A Baralla	1.557,60
G36197093	Asoc. Cultural A Vertula	4.283,40

Procede a suspensión da tramitación do expediente ata que se emenden as incidencias indicadas ou se resolva a discrepancia, de conformidade co procedemento previsto nos artigos 217 e 218 do TRLRFL e 12.4 e 15 do RCI. Correspóndelle á Alcaldesa/Presidenta, no seu caso, resolver a posible discrepancia (...).

Comprobada a existencia de crédito axeitado e suficiente.

Visto o disposto no artigos 185.2 e 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no artigo 60.1 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos que se determina o órgano competente para o recoñecemento da obriga, competencia que para este gasto corresponde á Alcaldesa-Presidenta do Concello de Meis, ou por delegación á Xunta de Goberno Local, esta Alcaldía no exercicio das súas competencias **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Avocar as competencias delegadas na Xunta de Goberno Local por Decreto da Alcaldía 2023-0539, de data 13/07/2023.

SEGUNDO.- Levantar o reparo suspensivo recollido no informe emitido pola Secretaría-Intervención municipal adxunta número 2024-0028, de data 18 de decembro de 2024, por importe bruto de 7.158,47€, por considerar que o expediente administrativo de concesión de subvención e as contas xustificativas achegadas reúnen a documentación necesaria para poder recoñecer a obriga a favor das entidades beneficiarias.

TERCEIRO.- Aprobar a conta xustificativa da subvención outorgada as seguintes entidades, confirmándose a subvención inicialmente concedida :

RELACIÓN DE ENTIDADES SUBVENCIONADAS CON APROBACIÓN TOTAL DA CONTA XUSTIFICATIVA

C.I.F.	ENTIDADES
G72934128	Asoc. Cultural Mulleres Rurais A Palleira
G36343184	Asoc. Banda Escuela de Música Cultural de Meis
G36167187	Asoc. Mulleres Rurais de Nogueira
G36288355	Asoc. Cultural Polifónica Xuntanza de Meis



G36498962	Asoc. Sociocultural A Baralla
G94180668	ANPA Rabuñoso CRA de Meis
G36197093	Asoc. Cultural A Vertula

CUARTO.- Recoñecer a obriga e ordenar o pago en concepto de “*Subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan accións no eido da cultura e formación no Concello de Meis*” a favor dos beneficiarios, con cargo as aplicacións e polas cantidades que a continuación se indican:

C.I.F.	ENTIDADES	IMPORTE €
G72934128	Asoc. Cultural Mulleres Rurais A Palleira	1.233,10
G36343184	Asoc. Banda Escuela de Música Cultural de Meis	3.881,02
G36167187	Asoc. Mulleres Rurais de Nogueira	1.038,40
G36288355	Asoc. Cultural Polifónica Xuntanza de Meis	1.317,47
G36498962	Asoc. Sociocultural A Baralla	1.557,60
G94180668	ANPA Rabuñoso CRA de Meis	687,94
G36197093	Asoc. Cultural A Vertula	4.283,40

QUINTO.- Notificar a presente resolución ao departamento de Secretaría-Intervención e Tesourería do Concello aos efectos oportunos.

SEXTO.- De conformidade coas bases que rexen a convocatoria, dispónse a publicación da presente Resolución na páxina web do Concello de Meis e no Taboleiro electrónico de Anuncios do Concello, aloxado na sede electrónica (<https://meis.sedelectronica.gal>). Segundo o establecido polo artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dita publicación substituirá á notificación fornecendo os mesmos efectos. Igualmente darase publicidade a través da Base de Datos Nacional de Subvencións.

SÉTIMO.- O presente acto esgota a vía administrativa conforme ao previsto no artigo 52 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en consecuencia e de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e nos artigos 8 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, fronte a este acto poderase presentar: potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Meis, ante o mesmo órgano que o ditou, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante os Xulgados do Contencioso- Administrativo de Pontevedra. Transcorrido o primeiro prazo dun mes, unicamente poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo sen pasar o prazo de dous meses indicado. Con todo, a interposición do recurso potestativo de reposición non suspenderá por si mesma a execución do acto impugnado, sen prexuízo da súa solicitude ou estimación de oficio conforme ao disposto no artigo 117.2 da citada Lei 39/2015. Todo iso sen prexuízo de que poida exercitarse calquera outro recurso que estime pertinente.





CONCELLO
DE
MEIS

OITAVO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Mándao e asíno a alcaldesa Dna. Marta Giráldez Barral, en Meis; do que, a Secretaría, dá fe.

ASINADO DIXITALMENTE NA MARXE

